

**PROCEDIMIENTO PR960A**

**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

**PROCEDIMIENTO PR960A**

**PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA**

**TEMPADA 2025/2026 – 2ª FASE**

## **INDICE**

1. Antecedentes.....	3
2. Persoas destinatarias.....	4
2.1. Identificación dos destinatarios. Criterios para a súa incorporación.....	4
2.2. Outras exclusións.....	12
3. Dotación orzamentaria.....	12
4. Tramitación: convenios de patrocinio.....	13
4.1. Características particulares do Plan:.....	13
4.2. Prestacións publicitarias:.....	14
4.3. Responsabilidades:.....	16
4.4. Imaxe do plan.....	17
5. Vixencia dos convenios de patrocinio.....	17
6. Documentación a presentar polas Entidades.....	17
6.1. Forma de presentación.....	17
6.2. Documentación complementaria.....	18
6.3. Comprobación de datos.....	18
7. Prazo de presentación.....	19
8. Instrución. Emenda de erros.....	19
9. Notificacións.....	19
10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.....	20
11. Transparencia e bo goberno.....	20
12. Publicación dos actos.....	20
13. Selección e explicación dos criterios de valoración e do procedemento para a asignación dos importes correspondentes a cada un dos convenios.....	21
13.1. Primeira liña: patrocinio liña específica Xunta de Galicia.....	21
13.2. Segunda liña: patrocinio liña específica ABANCA.....	30
13.3. Importe patrocinio total.....	31
14. Resolución do patrocinio.....	32
15. Aceptación do patrocinio.....	32
16. Nova resolución se algunha entidade renunciara ao patrocinio.....	32
17. Formalización do patrocinio.....	32
18. Fórmula de pago.....	33
19. Emenda da documentación xustificativa.....	34
20. Penalizacións.....	34
21. Causas de resolución dos convenios de patrocinio.....	35
22. Actuacións de control por parte da Fundación.....	36
23. Información para os patrocinadores.....	36

## **1. Antecedentes.**

A Fundación Deporte Galego é unha entidade de natureza fundacional do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrita ao Protectorado da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Conforme aos seus Estatutos, a Fundación ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.

Entre os seus fins e segundo o artigo 6. dos seus estatutos a Fundación asume:

- a) "O fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia".
- b) "Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as".
- c) "Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins".

Na consecución destes obxectivos fundacionais, a Fundación pon en marcha a XVII Edición do Plan de Patrocinio dos Equipos de alta competición de Galicia, neste caso, para a tempada 2025/2026 - 2ª Fase co código de procedemento PR960A. Destinado a entidades galegas que contén con equipos onde as xornadas da súa competición se desenvolvan só no 2026.

Esta iniciativa, que comezou na tempada 2009/2010 logrou captar a atención dalgunhas das máis recoñecidas e prestixiosas empresas galegas como soporte publicitario para dar a coñecer a súa marca e os seus produtos. Tal foi o caso de Abanca Corporación Bancaria S.A. (ABANCA), unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se incorporou como patrocinadora deste plan no ano 2015.

Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como patrocinador oficial do plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor de ABANCA.

Grazas á consolidación deste Plan e á implicación e compromiso das entidades patrocinadas, cumprindo estritamente coas esixencias publicitarias establecidas pola Fundación, para esta tempada 2025/2026, unha vez máis, todos os equipos obxecto deste patrocinio serán o escaparate perfecto para demostrar que o DEPORTE GALEGO é un soporte publicitario de altísimo valor para exportar polo mundo a imaxe do noso tecido empresarial galego e cumprir con fins desta Fundación entre os que están o fomento da actividade física e do

**PROCEDIMENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

deporte base e de alta competición en Galicia, a realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as ou a realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins.

## **2. Persoas destinatarias.**

### **2.1. Identificación dos destinatarios. Criterios para a súa incorporación.**

Poderán formalizar convenios de patrocinio aquelas entidades que contén con equipos que compiten en modalidades/especialidades deportivas de máximo nivel estatal en categoría absoluta/sénior e/ou previa á absoluta e que se atopan nalgún dos seguintes grupos de patrocinio segundo as características da competición sinaladas a continuación:

<b>GRUPO 1</b>
<b>CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Liga regular por equipos de 1º ou 2º ou 3º máximo nivel de ámbito estatal , con xornadas desenvolvidas só no 2026.</li><li>• Só de categoría absoluta/sénior.</li><li>• Con ascensos e descensos de nivel segundo regulamento de competición.</li><li>• Desenvolvida en 3 ou máis xornadas<sup>(1)</sup>.</li><li>• Con xornadas de ida e volta ou con xornadas como local e visitante.</li><li>• Con 5 ou máis deportistas no espazo de competición<sup>(2)</sup>.</li><li>• De modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas ou non olímpicas/paralímpicas<sup>(3)</sup>.</li></ul> <p><i>(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.</i></p> <p><i>(2) Fai referencia ao nº de deportistas que compiten de forma simultánea no espazo de competición e que está regulado regulamentariamente pola federación deportiva ou pola entidade organizadora da competición (exemplos: fútbol – 11, béisbol – 9, voleibol – 6, piragüismo sprint – 4, bádminton – 2, atletismo – 1, etc.).</i></p> <p><i>(3) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.</i></p>
<b>QUEDAN EXCLUÍDOS</b>
Os equipos que na tempada 2025-2026 participen en: <ul style="list-style-type: none"><li>• Competicións onde as súas xornadas se desenvolvan nos anos 2025 e 2026 (xa certificados na 1ª fase).</li><li>• Ligas Profesionais<sup>(4)</sup> recoñecidas polo Consello Superior de Deportes:<ul style="list-style-type: none"><li>◦ Liga Endesa (baloncesto masculino).</li><li>◦ Liga ASOBAL (balonmán masculino).</li><li>◦ Liga F (fútbol feminino).</li><li>◦ La Liga EA Sports e La Liga Hypermotion (fútbol masculino).</li></ul></li><li>• Ligas Profesionalizadas<sup>(5)</sup> recoñecidas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais:<ul style="list-style-type: none"><li>◦ Liga Femenina Endesa (baloncesto feminino).</li><li>◦ Primera FEB (baloncesto masculino).</li><li>◦ Liga Guerreras Iberdrola (balonmán feminino).</li><li>◦ 1ª División LNFS (fútbol sala masculino).</li><li>◦ Liga Iberdrola (voleibol feminino).</li><li>◦ SVM. Superliga Voleibol Masculina (voleibol masculino).</li></ul></li><li>• Competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos 3 anos.</li></ul>

**PROCEDIMIENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

- Competicións de 2º ou 3º máximo nivel de ámbito estatal que se atopen nalgún dos seguintes supostos:
  - Que non participen equipos de máis de 2 comunidades autónomas.
  - No caso do 3º máximo nivel, que non se acceda por ascenso de nivel, do 4º ao 3º, senón por inscrición libre.
  - No caso do 3º máximo nivel, que sexan de modalidades/especialidades NON olímpicas/paralímpicas <sup>(3)</sup>.

*(3) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.*

*(4) Nas modalidades/especialidades con ligas profesionais, recoñecidas polo CSD, terán consideración de 1º máximo nivel as ligas inmediatamente seguintes a estas.*

*(5) Nas modalidades/especialidades con ligas profesionalizadas, recoñecidas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, terán consideración de 1º máximo nivel as ligas inmediatamente seguintes a estas.*

**GRUPO 2**

**CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN**

- Liga regular por equipos de 1º ou 2º máximo nivel de ámbito estatal, con xornadas desenvolvidas só no 2026.
- Só de categoría absoluta/sénior.
- Con ascensos e descensos de nivel segundo regulamento de competición.
- Desenvolvida en 3 ou máis xornadas<sup>(1)</sup>.
- Con xornadas de ida e volta ou con xornadas como local e visitante.
- Con 4 ou menos deportistas no espazo de competición<sup>(2)</sup>.
- De modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas ou non olímpicas/paralímpicas<sup>(3)</sup>.

*(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.*

*(2) Fai referencia ao nº de deportistas que compiten de forma simultánea no espazo de competición e que está regulado regulamentariamente pola federación deportiva ou pola entidade organizadora da competición (exemplos: fútbol – 11, béisbol – 9, voleibol – 6, piragüismo sprint – 4, bádminton – 2, atletismo – 1, etc.).*

*(3) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.*

**QUEDAN EXCLUÍDOS**

Os equipos que na tempada 2025-2026 participen en:

- Competicións onde as súas xornadas se desenvolvan nos anos 2025 e 2026 (xa certificados na 1ª fase).
- Competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos 3 anos.

**GRUPO 3**

**CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN**

- Liga regular por equipos de 1º ou 2º máximo nivel de ámbito estatal, con xornadas desenvolvidas só no 2026.
- Só de categoría absoluta/sénior.
- Con ascensos e descensos de nivel segundo regulamento de competición.
- Desenvolvida en 3 ou máis xornadas<sup>(1)</sup>.
- Con xornadas desenvolvidas por sedes ou por concentracións ou por probas ou por campionatos<sup>(2)</sup>.
- Con 5 ou máis deportistas no espazo de competición<sup>(3)</sup>.
- De modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas ou non olímpicas/paralímpicas<sup>(4)</sup>.

*(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.*

*(2) Os equipos identificados en este grupo de patrocinio estarán obrigados a competir en todas as xornadas/probas/campionatos que conforman a competición.*

*(3) Fai referencia ao nº de deportistas que compiten de forma simultánea no espazo de competición e que está regulado regulamentariamente pola federación deportiva ou pola entidade organizadora da competición (exemplos: fútbol – 11, béisbol – 9, voleibol – 6, piragüismo sprint – 4, bádminton – 2, atletismo – 1, etc.).*

*(4) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de*

**PROCEDIMENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

tramitación dos convenios.

**QUEDAN EXCLUÍDOS**

Os equipos que na tempada 2025-2026 participen en:

- Competicións onde as súas xornadas se desenvolvan nos anos 2025 e 2026 (xa certificados na 1ª fase).
- Os equipos participantes en competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos 3 anos.

**GRUPO 4**

**CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN**

- Liga regular por equipos de 1º ou 2º máximo nivel de ámbito estatal, con xornadas desenvolvidas só no 2026.
- Só de categoría absoluta/sénior.
- Con ascensos e descensos de nivel segundo regulamento de competición.
- Desenvolvida en 3 ou máis xornadas<sup>(1)</sup>.
- Con xornadas desenvolvidas por sedes ou por concentracións ou por probas ou por campionatos<sup>(2)</sup>.
- Con 4 ou menos deportistas no espazo de competición<sup>(3)</sup>.
- De modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas ou non olímpicas/paralímpicas<sup>(4)</sup>.

*(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.*

*(2) Os equipos identificados en este grupo de patrocinio estarán obrigados a competir en todas as xornadas/probas/campionatos que conforman a competición.*

*(3) Fai referencia ao nº de deportistas que compiten de forma simultánea no espazo de competición e que está regulado regulamentariamente pola federación deportiva ou pola entidade organizadora da competición (exemplos: fútbol – 11, béisbol – 9, voleibol – 6, piragüismo sprint – 4, bádminton – 2, atletismo – 1, etc.).*

*(4) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.*

**QUEDAN EXCLUÍDOS**

Os equipos que na tempada 2025-2026 participen en:

- Competicións onde as súas xornadas se desenvolvan nos anos 2025 e 2026 (xa certificados na 1ª fase).
- Os equipos participantes en competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos 3 anos.

**GRUPO 5**

**CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN**

- Liga regular e/ou ranking/clasificación por equipos de máximo nivel estatal, con xornadas/probas/campionatos desenvolvidos só no 2026.
  - Terán consideración de 1º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso quedaran clasificados entre o 1º e o 10º posto, ambos incluídos, para competicións onde participen máis de 20 equipos.
  - Terán consideración de 2º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso quedaran clasificados entre o 11º e o 20º posto, ambos incluídos, para competicións onde participen máis de 20 equipos.
  - Terán consideración de 3º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso quedaran clasificados entre o 21º e o último posto, ambos incluídos, para competicións onde participen máis de 20 equipos.
  - Terán consideración de 1º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso estiveran clasificados do 1º ao 3º posto, ambos incluídos, en competicións onde participen menos de 21 equipos e máis de 7.
  - Terán consideración de 2º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso estiveran clasificados do 4º ao último posto, ambos incluídos, en competicións onde participen menos de 21 equipos e máis de 7.
  - Terán consideración de 3º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da

**PROCEDIMIENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

<p>convocatoria en curso estiveran clasificados en competicións onde participen menos de 10 equipos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Só de categoría absoluta/sénior.</li><li>• Sen ascensos e descensos de nivel.</li><li>• Desenvolvida en 3 ou máis xornadas<sup>(1)(2)</sup>.</li><li>• Só de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas<sup>(3)</sup>.</li></ul> <p><i>(1)(2) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada. Os equipos identificados en este grupo de patrocinio estarán obrigados a competir en polo menos 3 das xornadas/probas/campionatos que conforman a competición fora de Galicia.</i></p> <p><i>(3) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.</i></p>
---

<b>QUEDAN EXCLUÍDOS</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Os equipos que na tempada 2025-2026 participen en:<ul style="list-style-type: none"><li>◦ Campionatos onde as súas xornadas se desenvolvan nos anos 2025 e 2026 (xa certificados na 1ª fase).</li><li>◦ Campionatos onde o sistema de liga regular e/ou ranking/clasificación teña cinco ou menos anos de vixencia e que non estiveran clasificados polo menos unha vez entre os dez primeiros nas tempadas de desenvolvemento deste para clasificacións/ránkings onde compitan polo menos vinte equipos e unha vez entre os cinco primeiros nas tempadas de desenvolvemento deste para clasificacións/ránkings onde compitan menos de vinte equipos.</li><li>◦ Campionatos onde a clasificación por equipos sae de sumar as puntuacións obtidas polos deportistas sénior absolutos e de base e/ou veteranos/máster.</li></ul></li><li>• Os equipos que NON figuren na clasificación final da tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso na Liga regular e/ou ranking/clasificación por equipos de máximo nivel estatal.</li><li>• Competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos 3 anos.</li></ul>

<b>GRUPO 6</b>
<b>CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Liga regular por equipos de 1º máximo nivel de ámbito estatal, con xornadas desenvolvidas só no 2026.</li><li>• Só de categoría previa á absoluta.</li><li>• Con ascensos e descensos de nivel.</li><li>• Desenvolvida en 10 ou máis xornadas<sup>(1)</sup>.</li><li>• Só de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas<sup>(2)</sup>.</li></ul> <p><i>(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.</i></p> <p><i>(2) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.</i></p>
<b>QUEDAN EXCLUÍDOS</b>
<p>Os equipos que na tempada 2025-2026 participen en:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Competicións onde as súas xornadas se desenvolvan nos anos 2025 e 2026 (xa certificados na 1ª fase).</li><li>• Os equipos participantes en competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos tres anos.</li></ul>

Aquelas entidades que contén con máis dun equipo nas competicións obxecto do Plan poderán subscribir tantos convenios coma equipos teña comprendidos no ámbito do mesmo, agás nos seguintes casos:

- Clubs que teñan varios equipos competindo na mesma modalidade/especialidade do mesmo nivel e carácter (feminino/masculino) nos sistemas de competición definidos

**PROCEDIMIENTO PR960A**

**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

anteriormente para os grupos 1, 2, 3, 4 e 6, que só poderán formalizar convenio de patrocinio por un dos equipos.

- No caso dos sistemas de competición definidos anteriormente para o grupo 5, as entidades con máis dun equipo competindo na mesma modalidade/especialidade do mesmo carácter (feminino/masculino) só poderán formalizar convenio de patrocinio por un dos equipos.

De acordo con estes criterios e a través dunha certificación aportada previamente á formalización deste plan polas correspondentes federacións deportivas galegas/españolas ou entidades organizadoras das competicións, os equipos identificados como posibles patrocinados deste Plan son os seguintes:

MODALIDADE ESPECIALIDADE	EQUIPOS 2025/2026 – 2ª FASE	GRUPO NIVEL	CARÁCTER	CONCELLO	PROVINCIA
BÉISBOL	Club Leones de Oroso BBC	G1 2º	MAS	Oroso	A Coruña
BÉISBOL	Club Béisbol y Sofbol Cambre (masculino)	G1 2º	MAS	Cambre	A Coruña
BÉISBOL	Druidas Béisbol Club	G1 2º	MAS	A Coruña	A Coruña
BÉISBOL	Trasnos Béisbol Club	G1 2º	MAS	Vigo	Pontevedra
BÉISBOL	Gladiadores BSC	G1 2º	MAS	Culleredo	A Coruña
SÓFTBOL	Club Béisbol y Sofbol Cambre (feminino)	G1 1º	FEM	Cambre	A Coruña
FRONTÓN CORTO 36 METROS	Club de Pelota A Coruña	G2 2º	MAS	A Coruña	A Coruña
VOLEI PRAIA	Ourense Volei Praia (feminino)	G2 2º	FEM	Ourense	Ourense
VOLEI PRAIA	Ourense Volei Praia (masculino)	G2 2º	MAS	Ourense	Ourense
FÚTBOL PRAIA	Talitrus Fútbol Playa	G3 2º	MAS	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
KAYAK POLO	Club Copacabana de Piragüismo (feminino)	G3 2º	FEM	Ferrol	A Coruña
KAYAK POLO	Club Náutico Rodeira Cangas	G3 1º	MAS	Cangas	Pontevedra
KAYAK POLO	Club Copacabana de Piragüismo (masculino)	G3 2º	MAS	Ferrol	A Coruña
KAYAK POLO	Club Náutico Umia	G3 2º	MAS	Caldas de Reis	Pontevedra
TRAIÑEIRAS	Club de Remo de Ares	G3 1º	MAS	Ares	A Coruña
TRAIÑEIRAS	Club de Remo Chapela	G3 1º	MAS	Redondela	Pontevedra
DUATLÓN	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (feminino-dúatlon)	G3 1º	FEM	Lugo	Lugo
DUATLÓN	Agrupación Deportiva Náutico de Narón (feminino-dúatlon)	G3 1º	FEM	Narón	A Coruña
DUATLÓN	Club Triatlón Santiago (feminino-dúatlon)	G3 2º	FEM	Santiago de Compostela	A Coruña
DUATLÓN	Club Deportivo Delikia (masculino-dúatlon)	G3 2º	FEM	Vigo	Pontevedra
DUATLÓN	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (masculino-dúatlon)	G3 1º	MAS	Lugo	Lugo
DUATLÓN	Club Triatlón Santiago (masculino-dúatlon)	G3 1º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
DUATLÓN	Club Triatlón Ferrol (masculino-dúatlon)	G3 1º	MAS	Ferrol	A Coruña
DUATLÓN	Club Deportivo Delikia (masculino-dúatlon)	G3 1º	MAS	Vigo	Pontevedra
DUATLÓN	Agrupación Deportiva Náutico de Narón (masculino-dúatlon)	G3 2º	MAS	Narón	A Coruña
TRIA TLÓN	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (feminino-triatlon)	G3 1º	FEM	Lugo	Lugo
TRIA TLÓN	Agrupación Deportiva Náutico de Narón (feminino-triatlon)	G3 1º	FEM	Narón	A Coruña
TRIA TLÓN	Club Triatlón Santiago (feminino-triatlon)	G3 1º	FEM	Santiago de Compostela	A Coruña
TRIA TLÓN	Club Deportivo Delikia (feminino-triatlon)	G3 1º	FEM	Vigo	Pontevedra

**PROCEDIMENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

MODALIDADE ESPECIALIDADE	EQUIPOS 2025/2026 – 2ª FASE	GRUPO NIVEL	CARÁCTER	CONCELLO	PROVINCIA
TRIATLÓN	Club Triatlón Santiago (masculino-triatlon)	G3 1º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
TRIATLÓN	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (masculino-triatlon)	G3 1º	MAS	Lugo	Lugo
TRIATLÓN	Agrupación Deportiva Náutico de Narón (masculino-triatlon)	G3 1º	MAS	Narón	A Coruña
TRIATLÓN	Club Deportivo Delikia (masculino-triatlon)	G3 1º	MAS	Vigo	Pontevedra
TRIATLÓN	Club Triatlón Ferrol (masculino-triatlon)	G3 2º	MAS	Ferrol	A Coruña
TRIATLÓN	Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude	G3 2º	MAS	Carballo	A Coruña
ATLETISMO	Club de Atletismo Ría de Ferrol	G4 1º	FEM	Ferrol	A Coruña
ATLETISMO	Club Atletismo Femenino Celta	G4 2º	FEM	Vigo	Pontevedra
ATLETISMO	Sociedad Gimnástica de Pontevedra (feminino)	G4 2º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
ATLETISMO	Club Ourense Atletismo	G4 2º	FEM	Ourense	Ourense
ATLETISMO	Sociedad Gimnástica de Pontevedra (masculino)	G4 1º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
ATLETISMO	Real Club Celta de Atletismo	G4 2º	MAS	Vigo	Pontevedra
ATLETISMO	Club Atletismo Narón	G4 2º	MAS	Narón	A Coruña
BÁDMINTON	Clube Bádminton As Neves	G4 2º	MIXT	As Neves	Pontevedra
BÁDMINTON	Club Polideportivo Athlos de Orense	G4 2º	MIXT	Ourense	Ourense
BÁDMINTON	C.E.R. Vigo	G4 2º	MIXT	Vigo	Pontevedra
BÁDMINTON	Club del Mar de San Amaro	G4 2º	MIXT	A Coruña	A Coruña
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Coruña "A" (feminino-división honra)	G4 1º	FEM	A Coruña	A Coruña
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Cambre (feminino)	G4 1º	FEM	Cambre	A Coruña
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Ourense (feminino)	G4 2º	FEM	Ourense	Ourense
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Coruña "B" (feminino-1ª división)	G4 2º	FEM	A Coruña	A Coruña
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Vigo (feminino)	G4 2º	FEM	Vigo	Pontevedra
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Sulyos (feminino)	G4 2º	FEM	Santiago de Compostela	A Coruña
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Coruña "A" (masculino-división honra)	G4 1º	MAS	A Coruña	A Coruña
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Ourense (masculino)	G4 2º	MAS	Ourense	Ourense
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Sulyos (masculino)	G4 2º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Coruña "B" (masculino-1ª división)	G4 2º	MAS	A Coruña	A Coruña
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Vigo (masculino)	G4 2º	MAS	Vigo	Pontevedra
HALTEROFILIA	Club Halterofilia Cambre (masculino)	G4 2º	MAS	Cambre	A Coruña
PATINAXE DE VELOCIDADE	Sada Patín	G4 1º	FEM	Sada	A Coruña
PATINAXE DE VELOCIDADE	Sociedad Cultural y Deportiva Rabadeira (feminino)	G4 2º	FEM	Oleiros	A Coruña
PATINAXE DE VELOCIDADE	Sociedad Cultural y Deportiva Rabadeira (masculino)	G4 1º	MAS	Oleiros	A Coruña
PATINAXE DE VELOCIDADE	Sada Patín	G4 2º	MAS	Sada	A Coruña
PÉNTATLON MODERNO	Penta Lugo	G4 1º	FEM	Lugo	Lugo
PÉNTATLON MODERNO	Pontevedra Multisport	G4 2º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
PÉNTATLON MODERNO	Penta Lugo	G4 1º	MAS	Lugo	Lugo
PÉNTATLON MODERNO	Pontevedra Multisport	G4 2º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
PÉNTATLON MODERNO	Penta Lugo	G4 1º	MIXT	Lugo	Lugo
PÉNTATLON MODERNO	Pontevedra Multisport	G4 2º	MIXT	Pontevedra	Pontevedra
SPRINT	Club Maritmo Deportivo e Cultural Breogán do Grove (feminino)	G4 1º	FEM	O Grove	Pontevedra
SPRINT	C.Kayak Tudense (feminino)	G4 1º	FEM	Tui	Pontevedra

**PROCEDIMIENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

MODALIDADE ESPECIALIDADE	EQUIPOS 2025/2026 – 2ª FASE	GRUPO NIVEL	CARÁCTER	CONCELLO	PROVINCIA
SPRINT	Club de Piragüismo As Torres de Catoira (feminino)	G4 1º	FEM	Catoria	Pontevedra
SPRINT	Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra (feminino)	G4 1º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
SPRINT	Club Piragüismo Rías Baixas (feminino)	G4 1º	FEM	Boiro	A Coruña
SPRINT	Club Escola de Piragüismo Poio (feminino)	G4 1º	FEM	Poio	Pontevedra
SPRINT	Club Piragüismo Ciudad de Lugo (feminino)	G4 1º	FEM	Lugo	Lugo
SPRINT	Club Ría de Betanzos (feminino)	G4 1º	FEM	Betanzos	A Coruña
SPRINT	Club Fluvial de Lugo (feminino)	G4 1º	FEM	Lugo	Lugo
SPRINT	Club Piragüismo Verducido Pontillón (feminino)	G4 1º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
SPRINT	Club Piragüismo Illa de Arousa (feminino)	G4 1º	FEM	A Illa de Arousa	Pontevedra
SPRINT	Club Náutico Pontecesures (feminino)	G4 1º	FEM	Pontecesures	Pontevedra
SPRINT	Club Náutico O Muiño Ribadumia (feminino)	G4 2º	FEM	Ribadumia	Pontevedra
SPRINT	Club de Mar Ría del Aldán (feminino)	G4 2º	FEM	Cangas	Pontevedra
SPRINT	Club Náutico Firrete de Pontedeume (feminino)	G4 2º	FEM	Pontedeume	A Coruña
SPRINT	Piragüismo Portonovo (feminino)	G4 2º	FEM	Sanxenxo	Pontevedra
SPRINT	Club Náutico Rodeira Cangas (feminino)	G4 2º	FEM	Cangas	Pontevedra
SPRINT	C.Kayak Tudense (masculino)	G4 1º	MAS	Tui	Pontevedra
SPRINT	Club Marítimo Deportivo e Cultural Breogán do Grove (masculino)	G4 1º	MAS	O Grove	Pontevedra
SPRINT	Club Piragüismo Vilaboa (masculino)	G4 1º	MAS	Vilaboa	Pontevedra
SPRINT	Club Naval de Pontevedra	G4 1º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
SPRINT	Club Piragüismo Rías Baixas (masculino)	G4 1º	MAS	Boiro	A Coruña
SPRINT	Club Fluvial de Lugo (masculino)	G4 1º	MAS	Lugo	Lugo
SPRINT	Club Ría de Betanzos (masculino)	G4 1º	MAS	Betanzos	A Coruña
SPRINT	Club de Mar Ría del Aldán (masculino)	G4 1º	MAS	Cangas	Pontevedra
SPRINT	Club Náutico Rodeira Cangas (masculino)	G4 1º	MAS	Cangas	Pontevedra
SPRINT	Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra (masculino)	G4 1º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
SPRINT	Club de Piragüismo As Torres de Catoira (masculino)	G4 1º	MAS	Catoria	Pontevedra
SPRINT	Club Náutico O Muiño Ribadumia (masculino)	G4 1º	MAS	Ribadumia	Pontevedra
SPRINT	Club Náutico Firrete de Pontedeume (masculino)	G4 1º	MAS	Pontedeume	A Coruña
SPRINT	Club Piragüismo Verducido Pontillón (masculino)	G4 1º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
SPRINT	Club Escola de Piragüismo Poio (masculino)	G4 2º	MAS	Poio	Pontevedra
SPRINT	Club Piragüismo Ciudad de Lugo (masculino)	G4 2º	MAS	Lugo	Lugo
SPRINT	Club Náutico Pontecesures (masculino)	G4 2º	MAS	Pontecesures	Pontevedra
SPRINT	Piragüismo Portonovo (masculino)	G4 2º	MAS	Sanxenxo	Pontevedra
SPRINT	Club Piragüismo Illa de Arousa (masculino)	G4 2º	MAS	A Illa de Arousa	Pontevedra
SPRINT	Clube Fluvial O Barco	G4 2º	MAS	O Barco de Valdeorras	Ourense
SPRINT	Club Kayak Foz	G4 2º	MAS	Foz	Lugo
SPRINT	Club Piragüismo Vilaboa (paracanoé)	G4 1º	MIXT	Vilaboa	Pontevedra
SPRINT	Club Piragüismo Rías Baixas (paracanoé)	G4 1º	MIXT	Boiro	A Coruña
SPRINT	Club de Mar Ría de Aldán (paracanoé)	G4 1º	MIXT	Cangas	Pontevedra
SPRINT	Club Fluvial de Lugo (paracanoé)	G4 1º	MIXT	Lugo	Lugo
SPRINT	Club Piragüismo Ciudad de Lugo (paracanoé)	G4 1º	MIXT	Lugo	Lugo

**PROCEDIMENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

MODALIDADE ESPECIALIDADE	EQUIPOS 2025/2026 – 2ª FASE	GRUPO NIVEL	CARÁCTER	CONCELLO	PROVINCIA
SPRINT	C.Kayak Tudense (paracanoé)	G4 1º	MIXT	Tui	Pontevedra
SPRINT	Club Piragüismo Illa de Arousa (paracanoé)	G4 2º	MIXT	A Illa de Arousa	Pontevedra
SPRINT	Club Maritmo Deportivo e Cultural Breogán do Grove (paracanoé)	G4 2º	MIXT	O Grove	Pontevedra
SPRINT	Piragüismo Portonovo (paracanoé)	G4 2º	MIXT	Sanxenxo	Pontevedra
SPRINT	Club Náutico O Muiño Ribadumia (paracanoé)	G4 2º	MIXT	Ribadumia	Pontevedra
SPRINT	Club Náutico Cobres (paracanoé)	G4 2º	MIXT	Vilaboa	Pontevedra
RÍTMICA	Ximnasia Oleiros Rítmica e Estética	G4 2º	FEM	Oleiros	A Coruña
RÍTMICA	Club Maniotas	G4 2º	FEM	Vigo	Pontevedra
BTT-XCO	XSM Clube Ciclista (feminino)	G5 2º	FEM	Marín	Pontevedra
BTT-XCO	Extol MTB Team	G5 3º	FEM	Lalín	Pontevedra
BTT-XCO	Clube Ciclista Maceda (feminino)	G5 3º	FEM	Maceda	Ourense
BTT-XCO	Grupo Deportivo Supermercados Froiz (BTT-feminino)	G5 3º	FEM	Poio	Pontevedra
BTT-XCO	Asoc Deportiva Avanza (BTT-feminino)	G5 3º	FEM	O Porriño	Pontevedra
BTT-XCO	Club Ciclista Farto (BTT-feminino)	G5 3º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
BTT-XCO	Clube Ciclista Maceda (masculino)	G5 3º	MAS	Maceda	Ourense
BTT-XCO	Asoc Deportiva Avanza (BTT-masculino)	G5 3º	MAS	O Porriño	Pontevedra
BTT-XCO	XSM Clube Ciclista (masculino)	G5 3º	MAS	Marín	Pontevedra
BTT-XCO	Club Ciclista Coruxo	G5 3º	MAS	Vigo	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Club Ciclista Farto (carretera-feminino)	G5 1º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Master da Louriña (feminino)	G5 1º	FEM	O Porriño	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Asociación Recreativa Ciclismo Oiese (feminino)	G5 3º	FEM	Oia	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Club Ciclista Padronés	G5 1º	MAS	Padrón	A Coruña
CARRETERA ÉLITE	Club Ciclista Rías Baixas	G5 1º	MAS	Vigo	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Club Ciclista Teis	G5 1º	MAS	Vigo	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Master da Louriña (masculino)	G5 1º	MAS	O Porriño	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Grupo Deportivo Supermercados Froiz (carretera-masculino)	G5 1º	MAS	Poio	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Club Ciclista Vigués	G5 2º	MAS	Vigo	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Asociación Recreativa Ciclismo Oiese (masculino)	G5 2º	MAS	Oia	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Team Cycling Galicia	G5 3º	MAS	Redondela	Pontevedra
CARRETERA ÉLITE	Asoc Deportiva Avanza (carretera-masculino)	G5 3º	MAS	O Porriño	Pontevedra
CARRETERA CICLISMO ADAPTADO	Club Ciclista Riazor	G5 3º	MIXT	Arteixo	A Coruña
CARRETERA CICLISMO ADAPTADO	Master da Louriña (adaptado)	G5 3º	MIXT	O Porriño	Pontevedra
SLALOM	Club Piragüismo Penedo (feminino)	G5 2º	FEM	Tui	Pontevedra
SLALOM	Club Tea de Mondariz Balneario (feminino)	G5 2º	FEM	Mondariz Balneario	Pontevedra
SLALOM	Club de Montaña Quixós (feminino)	G5 2º	FEM	Monforte de Lemos	Lugo
SLALOM	Club Tea de Mondariz Balneario (masculino)	G5 2º	MAS	Mondariz Balneario	Pontevedra
SLALOM	Club Piragüismo Penedo (masculino)	G5 2º	MAS	Tui	Pontevedra
SLALOM	Club Deportivo Miño	G5 2º	MAS	Tomiño	Pontevedra
SLALOM	Clube Deportivo Municipal de Piragüismo de Dumbria	G5 2º	MAS	Dumbria	A Coruña
SLALOM	Club de Montaña Quixós (masculino)	G5 2º	MAS	Monforte de Lemos	Lugo

## PROCEDIMENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

No caso de que antes da finalización da vixencia dos convenios de patrocinio se producira a sucesión da entidade beneficiaria do convenio, trasladaranse á entidade sucesora o conxunto das obrigas e dereitos adquiridos pola primeira, subrogándose esta no conxunto de dereitos e obrigas, e sempre que cumpra e acredite a totalidade dos requisitos do Plan. No caso de que a sucesión de convenio só afecte a parte das contraprestacións adquiridas coa formalización do convenio, a Fundación, no momento de efectuar o pagamento de cada un dos prazos de pago establecidos no Plan de Patrocinio, tomará como referencia a puntuación resultante da aplicación dos criterios de valoración a cada contraprestación, aboándolle a cada entidade o importe correspondente. Non obstante, ámbalas dúas entidades, deberán presentar perante a Fundación un documento que acredite o acordo de sucesión das obrigas do convenio así como a conformidade por ambas partes dos importes que a Fundación deberá aboar finalmente a cada entidade.

#### **2.2. Outras exclusións.**

Quedarán excluídos os equipos pertencentes a clubs que leven dados de alta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia menos de dous anos dende a saída da convocatoria específica para o seu grupo de patrocinio.

Quedarán excluídos os equipos que, aínda estando nos grupos anteriores, no momento de finalizar o prazo de emenda para a presentación da documentación requirida, estiveran en situación de concurso de acredores.

#### **3. Dotación orzamentaria.**

O orzamento (incluído o I.V.E.) autorizado para estes convenios ascende á cantidade de 1.251.140 €, contía que representa o gasto máximo a realizar pola Fundación en virtude do Plan. Esta contía, en todo caso, haberá de ser reaxustada, no seu caso, con motivo dunha eventual modificación do tipo impositivo do I.V.E.

A antedita contía comprende non só ó importe dos correspondentes convenios, senón tamén cantas recargas e impostos sexan legalmente repercutibles e demais gastos que fosen de aplicación. Tamén se debe entender comprendido o importe de 217.140 € do Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.E.), que corresponde ao 21% do orzamento sen I.V.E. (1.034.000 €), de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ao tipo vixente ao longo da vixencia dos convenios. Todo isto, sen prexuízo do antes sinalado en relación a unha eventual modificación do tipo impositivo do I.V.E.

Para o exercicio 2026, os convenios serán financiados con cargo á partida orzamentaria (5. Outros gastos), na que se garante que existen fondos axeitados e suficientes.

#### **4. Tramitación: convenios de patrocinio.**

O Plan de patrocinio supón unha actividade de patrocinio realizada pola Fundación respecto dos equipos destinatarios do Plan, que deberán cumprir as obrigas de difusión da imaxe da Fundación Deporte Galego e de Abanca Corporación Bancaria S.A. especificadas no convenio, así como na colaboración dos equipos, e particularmente das persoas que conforman os equipos, nas actividades de difusión organizadas no marco deste.

En atención á natureza das relacións nas que se traduce, o Plan será executado a través da formalización de convenios de patrocinio cos Equipos incorporados ao Plan. Estes convenios, que a Fundación subscribirá con cada entidade deportiva, contemplarán prestacións publicitarias para a Fundación Deporte Galego e Abanca Corporación Bancaria S.A. no ámbito da consecución dos obxectivos comúns da Fundación Deporte Galego e Abanca Corporación Bancaria S.A., e de ditas entidades deportivas de promoción do deporte de alta competición en Galicia.

##### **4.1. Características particulares do Plan:**

Este Plan estruturase en liñas de patrocinio:

A) PATROCINIO CON CARGO Á LIÑA ESPECÍFICA XUNTA DE GALICIA.

Poderán ser obxecto de patrocinio desta primeira liña todas as entidades con equipos participantes en competicións que cumpran cos criterios de incorporación establecidos no apartado 2.1.

B) PATROCINIO CON CARGO Á LIÑA ESPECÍFICA ABANCA.

Poderán ser obxecto de patrocinio desta segunda liña todas as entidades con equipos participantes en competicións que cumpran cos criterios de incorporación establecidos no apartado 2.1. e ademais cumpran cos seguintes de forma acumulativa:

- Oferten determinados espazos publicitarios para ABANCA nos soportes publicitarios do equipo de categoría absoluta e/ou previa á absoluta obxecto do Plan garantindo a exclusividade publicitaria de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.
- Acrediten que contan con categorías de base ou que teña como obxecto social principal a promoción do deporte para discapacitados e o equipo sénior e/ou de categoría previa á absoluta obxecto de patrocinio participe nunha competición para discapacitados. Para ter en conta as licenzas de categorías base e polo tanto a efectos de incluír as entidades na segunda liña de patrocinio, as entidades (agás aquelas de deporte para discapacitados) deberán de dispoñer de polo menos 10 licenzas de categorías de base e deberán acreditar que estas son suficientes para poder participar en competicións deportivas desa modalidade/especialidade. As licenzas deberán de ser propias da entidade, NON admitindo documentos de colaboración, dependencia ou filialidade con outras entidades.
- Incorporen a imaxe corporativa de ABANCA nas equipacións deportivas das súas categorías de base nas condicións e nos soportes publicitarios establecidos neste documento, garantindo a exclusividade publicitaria de

## PROCEDIMIENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

ABANCA respecto doutras entidades financeiras. No caso das entidades que teñan como obxecto social principal a promoción do deporte para discapacitados non será preciso que dispoñan de categorías de base pero deberán incorporar a imaxe corporativa de ABANCA en actuacións concretas de promoción do deporte adaptado, garantindo a exclusividade publicitaria de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.

Non poderán ser obxecto desta liña de patrocinio aquelas entidades que manteñan coa propia ABANCA unha débeda certa, líquida, vencida e esixible que non resultara pagada.

#### **4.2. Prestacións publicitarias:**

4.2.1. Patrocinio con cargo á liña específica XUNTA DE GALICIA.

##### Soportes publicitarios obrigatorios XUNTA DE GALICIA:

As Entidades deberán incorporar a imaxe corporativa establecida pola Fundación Deporte Galego para a promoción do "DEPORTE GALEGO" en todas as competicións nas que participe o Equipo de categoría absoluta e/ou previa á absoluta, así como nas actividades que organice e nos seguintes soportes:

- a) Equipamentos oficiais de competición: a localización da imaxe deberá figurar, en todo caso, na parte traseira da prenda en grande. Opcionalmente, poderá localizarse na parte dianteira da prenda en grande, o cal se valorará aos efectos do previsto no punto 12.1.1.11.
- b) Equipamentos de adestramento, prioritariamente na parte traseira da prenda en grande.
- c) Equipamentos de paseo/viaxe, prioritariamente na parte traseira da prenda en grande.
- d) Vehículos oficiais dos que dispoña o equipo, en propiedade ou alugado para desprazarse a competir.
- e) Cartelería oficial ou en calquera outro soporte utilizado para anunciar os encontros/probas/actividades organizadas polo club.
- f) Banner publicitario nun lugar preferente da web da entidade, logo nas cabeceiras de Facebook e X e publicacións no Instagram (no caso de non dispoñer destes soportes, teñen a obrigaón de elaborar polo menos un deles).
- g) Lonas publicitarias:  
Na instalación de competición como local deberán situarse, en lugar preferente, dúas lonas publicitarias de 5x1 metros onde se recolla exclusivamente a imaxe corporativa establecida para este apartado, XUNTA DE GALICIA. Deberán tamén incorporarse estas lonas nas diferentes actividades organizadas pola Entidade.  
No caso dos equipos que non poidan asegurar a presenza das lonas nas instalacións propias de competición, deberán asegurar esta presenza noutros lugares/soportes alternativos (instalacións do club, carpas, village, etc....).
- h) Paneis/Traseiras de prensa utilizadas para as roldas de prensa (sexa en local pechado ou no espazo destinado á competición).

De non ser posible incluír a imaxe corporativa do Plan nalgún dos soportes sinalados anteriormente, para XUNTA DE GALICIA debido a limitacións regulamentarias da competición, deberá xustificarse axeitadamente e incluír a imaxe nalgún outro soporte distinto aos establecidos.

#### 4.2.2. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.

Para optar a esta liña de patrocinio, todos os equipos identificados como posibles patrocinados deberán acceder de forma obrigatoria ao patrocinio con cargo á liña específica XUNTA DE GALICIA.

#### Soportes publicitarios obrigatorios ABANCA:

As Entidades deberán incorporar nos seguintes soportes a imaxe corporativa establecida pola Fundación Deporte Galego para a promoción de "ABANCA" en todas as competicións nas que participe o Equipo así como nas actividades que organice:

a) Equipamentos oficiais de competición, garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras. Neste soporte publicitario, establécense como espazos preferentes para a inclusión da imaxe os seguintes e por esta orde:

- Parte traseira da camiseta, enriba do número en grande.
- Parte traseira da camiseta, debaixo do número en grande.
- Parte dianteira da camiseta no centro da mesma en grande.

No caso de equipacións sen número, establécense como espazos preferentes para a inclusión da imaxe os seguintes e por esta orde:

- Parte traseira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.
- Parte dianteira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.

b) Equipamentos de adestramento, prioritariamente debaixo do escudo da entidade en pequeno e garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.

c) Equipamentos de paseo/viaxe, prioritariamente debaixo do escudo da entidade en pequeno e garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.

d) Vehículos oficiais dos que dispoña o equipo, en propiedade ou alugado para desprazarse a competir.

e) Cartelería oficial ou en calquera outro soporte utilizado para anunciar os encontros/probas/actividades organizadas polo club.

f) Banner publicitario nun lugar preferente da web da entidade, logo nas cabeceiras de Facebook e X e publicacións en Instagram (no caso de non dispoñer destes soportes, teñen a obrigaón de elaborar polo menos un deles).

g) Lonas publicitarias:

## PROCEDIMENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

Na instalación de competición como local deberán situarse, en lugar preferente, dúas lonas publicitarias de 3x1 metros onde se recolla exclusivamente a imaxe corporativa establecida para este apartado, ABANCA. Deberán tamén incorporarse estas lonas nas diferentes actividades organizadas pola Entidade. No caso dos equipos que non poidan asegurar a presenza das lonas nas instalacións propias de competición, deberán asegurar esta presenza noutros lugares/soportes alternativos (instalacións do club, carpas, village, etc....).

h) Paneis/Traseiras de prensa utilizadas para as roldas de prensa (sexa en local pechado ou no espazo destinado á competición).

i) A maiores, deberá incluírse a imaxe corporativa de ABANCA, garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras, nos seguintes soportes DAS CATEGORÍAS DE BASE:

- Equipamentos oficiais de competición dos diferentes equipos das categorías de base, garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras. Neste soporte publicitario, establécense como espazos preferentes para a inclusión da imaxe os seguintes e por esta orde:
  - Parte traseira da camiseta, enriba do número en grande.
  - Parte traseira da camiseta, debaixo do número en grande.
  - Parte dianteira da camiseta no centro da mesma en grande.

No caso de equipacións sen número, establécense como espazos preferentes para a inclusión da imaxe os seguintes e por esta orde:

- Parte traseira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.
- Parte dianteira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.

De non ser posible incluír a imaxe corporativa do Plan nalgún dos soportes sinalados anteriormente, debido a limitacións regulamentarias da competición, deberá xustificarse axeitadamente e incluír a imaxe nalgún outro soporte distinto aos establecidos.

#### **4.3. Responsabilidades:**

En todas as liñas de patrocinio, a Entidade responsabilízase de:

- a) Actualizar os soportes e elementos onde se fixa a imaxe corporativa ao fin de que se cumpran os manuais de identidade establecidos no marco deste Plan de patrocinio.
- b) Manter sempre en perfecto estado os soportes publicitarios comprometidos no correspondente patrocinio.
- c) Responder das consecuencias que se puideran derivar para a Fundación Deporte Galego e para os seus patrocinadores da realización dos presentes convenios en condicións de ilegalidade ou de incumprimento da lexislación vixente nesta materia.

A execución destas obrigas serán asumidas, na súa totalidade, pola Entidade, de acordo co establecido entre as partes nos presentes acordos. Toda a publicidade estática,

## PROCEDIMENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

material impreso, elemento ou activo serán producidos pola Entidade, cos contidos proporcionados pola Fundación, sendo por conta da Entidade os gastos de adaptación, produción, transporte, instalación e mantemento en perfectas condicións de percepción óptica.

Os equipos participarán, ademais, nas actividades organizadas no marco do Plan e en actividades promocionais dos patrocinadores do plan.

A entidade comprométese a comunicar no prazo máximo de 5 días desde a obtención do resultado, os máis importantes acadados en competicións nacionais e internacionais a [fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal](mailto:fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal)

Asemade, a entidade comunicará con unha semana de antelación, a [fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal](mailto:fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal) a celebración de competicións, eventos de relevancia, ou actos públicos e de comunicación relativos ao equipo patrocinado.

A Fundación Deporte Galego e os equipos, e particularmente os seus adestradores e xogadores, colaborarán nas actividades organizadas no marco do Plan. A Fundación comunicará aos equipos cunha antelación mínima de 15 días, as actividades do Plan nas que deban participar os adestradores e xogadores, quenes deberán asistir salvo xustificación admitida pola FDG.

#### **4.4. Imaxe do plan.**

As entidades están obrigadas á utilización dos logos vixentes de XUNTA DE GALICIA e ABANCA.

#### **5. Vixencia dos convenios de patrocinio.**

O prazo de vixencia de cada un dos convenios estenderase entre a data de sinatura dos mesmos e o 31 de outubro de 2026.

#### **6. Documentación a presentar polas Entidades.**

##### **6.1. Forma de presentación.**

A Fundación remitiralle un correo electrónico á entidade obxecto de patrocinio, ao email correspondente facilitado pola respectiva Federación Deportiva Galega, cursando invitación para a presentación da solicitude de patrocinio acompañando o texto da convocatoria.

A Entidade invitada a tomar parte no procedemento PR960A, presentará a solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (ANEXO I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas

## PROCEDIMENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

#### **6.2. Documentación complementaria.**

A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### **6.3. Comprobación de datos.**

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Escritura ou documento de constitución e/ou modificación, ou estatutos, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) NIF da entidade representante.
- d) DNI/NIE da persoa representante.
- e) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

## PROCEDIMENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

- f) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- g) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### **7. Prazo de presentación.**

O prazo máximo para a presentación das solicitudes será de 7 días naturais a contar dende a propia data de recepción da invitación. A presentación das proposicións por unha vía diferente á sinalada será causa de rexeitamento ou exclusión.

### **8. Instrución. Emenda de erros.**

Finalizado o prazo de presentación da documentación, o órgano instrutor procederá ao exame da documentación xeral presentada en tempo e forma, en función dos requisitos esixidos. Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarallo ás/os interesadas/os a través dos medios sinalados por estes no apartado do Anexo I "datos para efectos de notificación", concedéndose un prazo non superior a tres días naturais para que a Entidade corrixa os defectos.

Transcorrido este prazo só se valorarán os expedientes das Entidades que cumpran con todos os requirimentos formais e materiais esixidos.

### **9. Notificacións.**

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

**PROCEDIMENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude, deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### **11. Transparencia e bo goberno.**

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### **12. Publicación dos actos.**

A Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial <https://deporte.xunta.gal/gl/areas-de-traballo> a relación das persoas beneficiarias e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

**PROCEDIMENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio ou setembro do ano 2026, en función de cando se formalicen os convenios de patrocinio, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarase con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.

**13. Selección e explicación dos criterios de valoración e do procedemento para a asignación dos importes correspondentes a cada un dos convenios.**

**13.1. Primeira liña: patrocinio liña específica Xunta de Galicia.**

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para a asignación dos importes dos convenios, estableceranse distintos criterios atendendo á calidade deportiva e mediática do equipo de categoría absoluta/sénior e/ou previa á absoluta e ao seu impacto como elemento de referencia para reforzar a práctica deportiva entre a sociedade. A información para a aplicación destes criterios virá dada polas correspondentes certificacións aportadas polas federacións deportivas ou entidades organizadoras das competicións.

O procedemento para determinar o importe do patrocinio de cada Entidade nesta primeira liña é o seguinte:

13.1.1. Aplicación dos seguintes criterios para os diferentes grupos de patrocinio a cada equipo que cumpra cos requisitos establecidos no punto 2 desta convocatoria:

1. Importe fixo en euros segundo puntuación asignada polo nº de licenzas desa modalidade deportiva en España no ano 2024 en todas as categorías, tomando como referencia os datos oficiais do Consello Superior de Deportes ou da federación deportiva correspondente, diferenciando as masculinas das femininas e tendo en conta o nivel da competición (1º, 2º ou 3º) en categoría absoluta/sénior e 1º en previa á absoluta:

a) GRUPO 1. Ata 28.000€ atendendo á seguinte táboa:

Nº LICENZAS	G1 1º	FIXO €	G1 2º	FIXO €	G1 3º	FIXO €
MAIS DE 500.000	100	28.000	100	27.500	100	20.000
350.001 a 500.000	90	27.500	90	22.500	90	15.000
200.001 A 350.000	80	25.500	80	20.000	80	9.500
100.001 A 200.000	70	23.000	70	17.000	70	9.500
60.001 A 100.000	60	23.000	60	17.000	60	4.000
40.001 A 60.000	50	20.000	50	9.000	50	4.000
20.001 A 40.000	40	18.500	40	5.000	40	4.000
15.001 A 20.000	30	18.500	30	3.250	30	750
10.001 A 15.000	20	12.000	20	2.500	20	750
5.001 A 10.000	10	10.000	10	2.000	10	500

**PROCEDIMIENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

2.001 A 5.000	7,5	8.000	7,5	1.250	7,5	500
1.001 A 2.000	5	7.000	5	1.250	5	250
MENOS DE 1.001	2,5	5.500	2,5	1.000	2,5	250

b) GRUPO 2. Ata 6.500€ atendendo á seguinte táboa:

Nº LICENZAS	G2 1º	FIXO €	G2 2º	FIXO €
MÁIS DE 350.000	70	6.500	40	5.000
200.001 A 350.000	60	6.500	30	4.000
100.001 A 200.000	50	6.500	20	3.000
60.001 A 100.000	40	4.500	15	3.000
40.001 A 60.000	30	3.500	10	2.000
15.001 A 40.000	25	3.500	7,5	2.000
10.001 A 15.000	20	2.000	5	750
5.001 A 10.000	15	2.000	5	750
2.001 A 5.000	10	2.000	2,5	750
1.001 A 2.000	5	1.000	2,5	750
MENOS DE 1.001	2,5	1.000	0	750

c) GRUPO 3. Ata 7.500€ atendendo á seguinte táboa:

Nº LICENZAS	G3 1º	FIXO €	G3 2º	FIXO €
MÁIS DE 350.000	70	7.500	40	5.000
200.001 A 350.000	60	7.500	30	4.000
100.001 A 200.000	50	7.500	20	3.000
60.001 A 100.000	40	5.000	15	3.000
40.001 A 60.000	30	5.000	10	2.000
15.001 A 40.000	25	5.000	7,5	1.500
10.001 A 15.000	20	2.000	5	1.250
5.001 A 10.000	15	2.000	5	1.250
2.001 A 5.000	10	1.750	2,5	1.250
1.001 A 2.000	5	1.500	2,5	1.250
MENOS DE 1.001	2,5	1.500	0	500

d) GRUPO 4. Ata 14.000€ atendendo á seguinte táboa:

Nº LICENZAS	G4 1º	FIXO €	G4 2º	FIXO €
MÁIS DE 350.000	70	14.000	40	6.000
200.001 A 350.000	60	12.000	30	5.000
100.001 A 200.000	50	10.000	20	4.000
60.001 A 100.000	40	10.000	15	3.000
40.001 A 60.000	30	9.000	10	3.000
15.001 A 40.000	25	3.000	7,5	1.500
10.001 A 15.000	20	1.750	5	750
5.001 A 10.000	15	1.750	5	750

**PROCEDIMENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

2.001 A 5.000	10	1.750	2,5	250
1.001 A 2.000	5	750	2,5	250
MENOS DE 1.001	2,5	250	0	250

e) GRUPO 5. Ata 25.000€ atendendo á seguinte táboa:

Nº LICENZAS	G5 1º	FIXO €	G5 2º	FIXO €	G5 3º	FIXO €
MÁIS DE 350.000	80	25.000	60	10.000	40	8.000
200.001 A 350.000	70	20.000	50	10.000	30	8.000
100.001 A 200.000	60	17.500	40	8.000	20	4.000
60.001 A 100.000	50	8.000	30	6.000	15	3.500
40.001 A 60.000	40	4.000	20	1.500	10	1.500
15.001 A 40.000	25	3.000	10	1.500	5	1.500
10.001 A 15.000	10	3.000	5	1.500	2,5	500
5.001 A 10.000	5	2.000	2,5	1.500	2,5	500
2.001 A 5.000	2,5	1.500	2,5	1.500	2,5	500
1.001 A 2.000	2,5	1.500	2,5	1.500	2,5	500
MENOS DE 1.001	2,5	1.500	0	0	0	0

f) GRUPO 6. Ata 4.000€ atendendo á seguinte táboa:

Nº LICENZAS	G6 1º	FIXO €
MÁIS DE 350.000	40	4.000
200.001 A 350.000	30	3.000
100.001 A 200.000	20	2.000
60.001 A 100.000	15	1.500
40.001 A 60.000	10	1.000
15.001 A 40.000	5	750
10.001 A 15.000	5	750
5.001 A 10.000	2,5	250
2.001 A 5.000	2,5	250
1.001 A 2.000	2,5	250
MENOS DE 1.001	2,5	250

Explicación deste criterio: valorase máis a aquelas entidades de modalidades con maior número de licenzas en España, dado que isto implica un maior número de seguidores practicantes e afeccionados e polo tanto un maior seguimento da presenza publicitaria. O nivel da competición determina se a Entidade patrocinada conta cun equipo na primeira, na segunda ou na terceira categoría a nivel estatal da súa modalidade deportiva. A repercusión mediática dos equipos de competicións con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos é superior aos de primeira categoría de competicións con sistema de liga regular á que se accede por inscrición, aos de categoría única con sistema de clasificación por ránking con acceso por inscrición e aos de segunda e terceira.

2. Xornadas fase regular na tempada 2025/2026 (Só se computarán as xornadas nas que compita o equipo durante toda a fase regular. Así mesmo, cando a competición se

**PROCEDIMIENTO PR960A****Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computará coma unha xornada):

a) GRUPO 1. Ata 10 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MÁIS	10
DE 25 A 29	7,5
DE 20 A 24	7,5
DE 15 A 19	5
DE 10 A 14	5
DE 6 A 9	2,5
DE 3 A 5	2,5

b) GRUPO 2. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MÁIS	30
DE 25 A 29	25
DE 20 A 24	20
DE 15 A 19	15
DE 10 A 14	10
DE 6 A 9	7,5
DE 3 A 5	5

c) GRUPO 3. Ata 200 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MÁIS	200
DE 25 A 29	175
DE 20 A 24	150
DE 15 A 19	100
DE 10 A 14	50
DE 6 A 9	25
DE 3 A 5	5

d) GRUPO 4. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MÁIS	30
DE 25 A 29	25
DE 20 A 24	20
DE 15 A 19	15
DE 10 A 14	10
DE 6 A 9	7,5
DE 3 A 5	5

**PROCEDIMIENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

e) GRUPO 5. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MÁIS	30
DE 25 A 29	25
DE 20 A 24	20
DE 15 A 19	15
DE 10 A 14	10
DE 6 A 9	7,5
DE 3 A 5	5

f) GRUPO 6. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MÁIS	30
DE 25 A 29	25
DE 20 A 24	20
DE 15 A 19	15
DE 10 A 14	10
DE 6 A 9	7,5
DE 3 A 5	5

Explicación deste criterio: valorase con maior puntuación ás entidades con equipos participantes en ligas regulares de máis xornadas pola atención mediática que isto suscita.

3. Deportistas participantes do equipo de forma simultánea no espazo de competición:

a) GRUPO 1. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º DEPORTISTAS	PUNTOS
14 OU MÁIS	30
11 A 13	20
5 A 10	10
0 A 4	5

b) GRUPO 3. Ata 125 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º DEPORTISTAS	PUNTOS
14 OU MÁIS	125
11 A 13	75
5 A 10	20
0 A 4	5

c) GRUPOS 2, 4, 5, 6. Non aplica.

Para a valoración deste criterio tomarase de referencia o regulamento da competición onde se garanta a obrigatoriedade de participación simultánea no espazo de competición dun mínimo de deportistas en cada unha das competicións que conforman a liga ou ránking na que participe o equipo obxecto de patrocinio. No caso de que se garanta esta participación,

**PROCEDIMIENTO PR960A**  
**Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

tomarase como referencia para a valoración o número de participantes da proba na que se obrigue a participar a menos deportistas.

Explicación deste criterio: ao igual que acontece co criterio de número de xornadas de fase regular, o número de deportistas que compiten de forma simultánea é un criterio que debe diferenciar e valorar en maior medida aquelas modalidades que contan con máis deportistas competindo ao mesmo tempo, dado que isto implica un maior número de presenzas publicitarias á vez no mesmo espazo de competición, tendo en conta que cada deportista levará na súa equipación a imaxe corporativa do Plan de patrocinio.

4. Clasificación final na tempada 2024/2025. Valoraranse os resultados dos equipos que na tempada 2025/2026 participan en competicións do 1º máximo nivel de categoría absoluta dentro da súa modalidade/especialidade:

a) GRUPO 1, 2, 3, 4, 5. Ata 10 puntos atendendo á seguinte táboa:

PARTICIPACIÓN	POSTO	PUNTOS
Competicións coa participación de máis de 15 equipos	1º A 2º	10
Competicións coa participación de máis de 15 equipos	3º A 5º	5
Competicións coa participación de menos de 16 equipos	1º A 5º	0

b) GRUPO 6. Non aplica.

Explicación deste criterio: a presenza nos medios de comunicación é maior cando se trata de equipos que conseguiron estar nos postos máis altos da clasificación.

5. Títulos de campión/subcampión en categoría absoluta/sénior nos últimos 5 anos (dende a tempada 2020-2021 ata a tempada 2024/2025) se o equipo de categoría sénior/absoluto compite na tempada 2025/2026 na máxima categoría estatal:

a) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 5. Ata un máximo acumulado de 130 puntos totais (máximo de 70 puntos en competicións mundiais/europeas, máximo de 60 puntos en competicións estatais) atendendo á seguinte táboa:

TÍTULOS MUNDO/EUROPA (*)	PUNTOS	TÍTULOS ESTATAIS (**)	PUNTOS
Campión mundo/europa 1ª máx. compet. olímp/paralímp	30	Campión 1ª máx. compet.	20
Campión mundo/europa 1ª máx. compet. non olímp/paralímp	15	Campión 2ª máx. compet.	10
Subcampión mundo/europa 1ª máx. compet. olímp/paralímp	15	Subcampión 1ª máx. compet.	15
Subcampión mundo/europa 1ª máx. compet. non olímp/paralímp	10	Subcampión 2ª máx. compet.	5
Campión europa 2ª máx. compet. olímp/paralímp	15		
Campión europa 2ª máx. compet. non olímp/paralímp	10		
Subcampión europa 2ª máx. compet. olímp/paralímp	10		
Subcampión europa 2ª máx. compet. non olímp/paralímp	5		

(\*) Valoraranse as competicións ás cales se accede a través da clasificación obtida nas competicións obxecto de patrocinio.

(\*\*) Terán consideración de 1ª Máxima Competición aquelas que son obxecto de patrocinio no seu 1º máximo nivel de categoría absoluta/sénior estatal (liga, ranking/clasificación por equipos) e de 2ª Máxima Competición as Copas, Supercopas ou similares vinculadas ás de 1ª Máxima Competición.

Quedarán exentas de valoración as probas consideradas como Campionatos de España, Copas de España, Copas do Rei ou da Raiña ou similares que puntúan para á clasificación final da liga ou do ranking/clasificación por equipos das competicións obxecto de patrocinio.

Quedarán exentos de valoración os títulos obtidos en competicións de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas con menos de 11 equipos.

## PROCEDIMIENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

Quedarán exentos de valoración os títulos obtidos en competicións de modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas con menos de 5 deportistas en cancha e con menos de 5 xornadas.

Só se terán en conta os resultados das tempadas onde a clasificación final da liga regular ou ranking/clasificación por equipos se obteña unicamente polos resultados dos deportistas de categoría sénior.

#### b) GRUPO 6. Non aplica.

Explicación deste criterio: este criterio cada ano ten máis valor porque podemos comprobar que a presenza nos medios de comunicación é maior cando se trata de equipos que conseguiron títulos importantes.

6. Nivel das competicións oficiais europeas/mundiais nas que participou ou participa na tempada 2025/2026. Valoraranse as competicións onde estean representados 5 ou máis países e o seu formato sexa de liguiña regular ou eliminatorias directas con partidos de ida e volta ou en sistema de eliminatorias por sede:

#### a) GRUPO 1, 2, 3. Ata 80 puntos atendendo á seguinte táboa:

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTOS
1º máximo nivel competición olímpica/paralímpica	80
1º máximo nivel competición non olímpica/paralímpica	40
2º máximo nivel competición olímpica/paralímpica	40
2º máximo nivel competición non olímpica/paralímpica	20

#### b) GRUPOS 4, 5, 6. Non aplica.

Para competicións onde non estean representados 5 ou máis países e o seu formato non sexa de liguiña regular ou eliminatorias directas con partidos de ida e volta ou sistema de rondas eliminatorias por sede, a valoración deste criterio será de 0 puntos.

Explicación deste criterio: o patrocinio publicitario debe ser máis valorado naquelas entidades que teñan equipos que competiran ou compitan fóra de España, ao chegar ao público doutros países e tendo unha maior presenza nos medios de comunicación de Galicia. A esixencia dun número mínimo de países establécese para garantir que a competición teña representatividade internacional.

7. Competición principal da categoría absoluta e/ou previa á absoluta de Deporte Adaptado:

#### a) GRUPO 5. Ata 100 puntos atendendo á seguinte táboa:

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTOS
Competición deporte adaptado patrocinio grupo 5 de 1º nivel	100
Competición deporte adaptado patrocinio grupo 5 de 2º nivel	75
Competición deporte adaptado patrocinio grupo 5 de 3º nivel	40

#### b) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 6. Non aplica.

Explicación deste criterio: preténdese reforzar con este criterio a accesibilidade do Plan a toda a cidadanía, tendo como un dos grupos destinatarios principais ás persoas con discapacidade.

## PROCEDIMIENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

8. Deportistas Galegos de Alto Nivel. Por cada Deportista Galego de Alto nivel recoñecido pola Secretaría Xeral para o Deporte no momento de presentación da proposta publicitaria da Entidade e que compita co equipo obxecto de patrocinio de categoría absoluta e/ou previa á absoluta. 1 punto por cada deportista:

- a) GRUPO 4. Ata 10 puntos.
- b) GRUPOS 1, 2, 3, 5, 6. Non aplica.

Explicación deste criterio: os deportistas son os verdadeiros protagonistas do deporte de alto nivel en Galicia, e máxime aqueles que están recoñecidos oficialmente como Deportistas Galegos de Alto Nivel pola obtención de resultados relevantes.

9. Equipos nos que todos os seus deportistas precisen implementos voluminosos para a competición e que se desprazan dentro da competición co propio deportista, tales como bicicletas, cadeiras de rodas, kayaks, canoas, piraguas, traíñeiras e camións.

- a) GRUPO 3, 4, 5. Ata 100 puntos atendendo á seguinte táboa:

IMPLEMENTO	PUNTOS
Traíñeiras/Transporte	100
Bicicletas/Transporte/Camión	30
Kayak-Canoa-Piragua-Bote/Transporte	20
Cadeiras rodas/Transporte	10
Bicicletas/Transporte	5

- b) GRUPOS 1, 2, 6. Non aplica.

Explicación deste criterio: aquelas especialidades deportivas que precisan implementos voluminosos para os seus deportistas son moi atractivos para o público e poden fortalecer aínda máis a presenza publicitaria da imaxe establecida para o Plan.

10. Participación do equipo de categoría senior/absoluta noutras competicións, dentro da mesma especialidade, a maiores da competición principal, que sexan de ámbito estatal con sistema de clasificación por equipos en categoría senior/absoluta, que conte con 7 ou máis xornadas, coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas e cuxa participación non sexa de inscrición libre. (Só se computarán as xornadas nas que teña que competir o equipo. Así mesmo, cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes no mesmo lugar de forma consecutiva, só computará coma unha xornada). A estes efectos non se teñen en conta para valoración aquelas competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos 3 anos:

- a) GRUPO 5. Ata 350 puntos atendendo á seguinte táboa:

	PUNTOS
Competicións de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas. 1º máximo nivel	350
Competicións de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas. 2º máximo nivel	150
Competicións de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas. 3º máximo nivel	90

**PROCEDIMIENTO PR960A****Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase**

b) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 6. Non aplica.

11. Equipamentos oficiais de competición. Valorarase a oferta presentada na solicitude tendo en conta o punto 4.2.1. Prestacións publicitarias para este soporte obrigatorio da XUNTA DE GALICIA referido á localización da súa imaxe na prenda:

a) GRUPO 1. Ata 150 puntos atendendo á seguinte táboa en función do nº de xornadas:

Nº XORNADAS	1º NIVEL	2º NIVEL	3º NIVEL
30 ou máis	150	100	75
20 a 29	100	75	50
10 a 19	75	50	25
3 a 9	50	25	10

b) GRUPO 2, 3. Ata 100 puntos atendendo á seguinte táboa en función do nº de xornadas:

Nº XORNADAS	1º NIVEL	2º NIVEL
30 ou máis	100	75
20 a 29	75	50
10 a 19	50	25
3 a 9	25	10

c) GRUPO 4. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa en función do nº de licenzas:

Nº LICENZAS	1º NIVEL	2º NIVEL
Máis de 100.000	30	20
50.001 a 100.000	25	15
15.001 a 50.000	20	10
Menos de 15.001	15	5

d) GRUPO 5. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa en función do nº de licenzas:

Nº LICENZAS	1º NIVEL	2º NIVEL	3º NIVEL
Máis de 100.000	30	20	5
50.001 a 100.000	25	15	5
15.001 a 50.000	20	10	2,5
Menos de 15.001	15	5	2,5

e) GRUPO 6. Ata 50 puntos atendendo á seguinte táboa en función do nº de xornadas:

Nº XORNADAS	1º NIVEL
30 ou máis	50
20 a 29	30
10 a 19	20
3 a 9	5

Explicación deste criterio: con este criterio preténdese valorar aos equipos que oferten unha maior presenza publicitaria ca establecida como obrigatoria.

## PROCEDIMIENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

13.1.2. No caso de que unha Entidade teña varios equipos que cumpran cos requirimentos para ser obxecto deste patrocinio efectuaráselle unha baremación por equipo.

13.1.3. Unha vez aplicados todos os criterios de valoración e obtida unha puntuación para cada equipo procederase a sumar as puntuacións totais de todos os equipos.

13.1.4. Seguidamente, divídese o importe total do orzamento sobranste, tras a asignación dos importes fixos do criterio 1 establecido para esta liña de patrocinio, entre o sumatorio de todos os puntos obtidos polos equipos, resultando deste xeito unha valoración económica para cada punto.

13.1.5. Finalmente, multiplícase o valor do punto polos puntos obtidos por cada equipo, resultando o importe por puntos para cada equipo.

13.1.6. O importe total desta liña para cada equipo, será o sumatorio do importe fixo do criterio 1 e do importe acadado por puntos.

13.1.7. No suposto de que algún equipo non aceptara o patrocinio, recalcularanse os importes finais dos convenios mediante a nova aplicación do procedemento sinalado anteriormente ao resto dos equipos.

### **13.2. Segunda liña: patrocinio liña específica ABANCA.**

Nesta segunda liña do Plan de patrocinio, ademais dos criterios que avalían o peso publicitario dos equipos de categoría absoluta e/ou previa á absoluta obxecto de patrocinio de cada entidade, gaña presenza o criterio que valora as categorías base.

Por tal motivo, o procedemento para determinar o importe do patrocinio de cada Entidade que cumpre cos requisitos para ser tamén patrocinada con cargo á segunda liña é o seguinte:

13.2.1. Aplicación dos seguintes criterios a cada entidade/equipo en relación ás prestacións publicitarias establecidas para ABANCA:

1. Importe fixo en euros, resultante de aplicar a porcentaxe do importe asignado a cada equipo no criterio 1 da primeira liña de patrocinio para cada grupo (obtida sobre o orzamento total para cada grupo da 1ª liña de patrocinio) sobre o orzamento total do patrocinio desta segunda liña para cada grupo.
2. Deporte base e deporte adaptado a maiores do equipo de categoría sénior e/ou previa á absoluta (nº licenzas de base en vigor certificado pola Federación):
  - a) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 5, 6. Ata 100 puntos:
    1. Para cada grupo de patrocinio tomamos como referencia a entidade con máis licenzas certificadas de categorías base e/ou deporte adaptado, que obterá 100 puntos.

## PROCEDIMIENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

2. Multiplícase o número de licenzas das categorías base e/ou deporte adaptado de cada equipo por 100 e divídese polas licenzas do equipo que máis teña.
3. Destas operacións resulta a puntuación de cada entidade neste criterio.

Se unha mesma entidade ten varios equipos sénior e/ou de categoría previa á absoluta que sexan patrocinados nesta segunda liña de patrocinio, en relación a estes criterios de deporte base e deporte adaptado, os puntos que lle correspondería a cada equipo dividirase entre o número de equipos sénior e/ou de categoría previa á absoluta, se comparten a base. Salvo que se sinala o contrario expresamente na proposta de cada entidade, o deporte base é da Entidade, non do equipo, polo que se asociamos o deporte base da entidade a cada equipo estaríamos multiplicando a valoración dun mesmo soporte publicitario, a pesar de que a prestación só se efectúa unha soa vez.

13.2.2. No caso de que unha Entidade teña varios equipos que cumpran cos requirimentos para ser obxecto de patrocinio efectuaráselle unha baremación por equipo, salvo as excepcións sinaladas anteriormente en relación ao deporte base.

13.2.3. Sumatorio das puntuacións acadadas nos criterios de valoración deste apartado e sumatorio das puntuacións totais finais acadadas no apartado 12.1) descontando a puntuación do criterio 11 (ubicación logo XUNTA DE GALICIA en equipamento oficial de competición).

13.2.4. Unha vez aplicados todos os criterios de valoración e obtida unha puntuación para cada equipo, procederase a sumar as puntuacións totais de todos os equipos.

13.2.5. Seguidamente, divídese o importe total do orzamento sobranante, tras a asignación dos importes fixos do criterio 1 establecido para esta liña de patrocinio, entre o sumatorio de todos os puntos obtidos polos equipos, resultando deste xeito unha valoración económica para cada punto.

13.2.6. Finalmente, multiplícase o valor do punto polos puntos obtidos por cada equipo, resultando o importe por puntos para cada equipo.

13.2.7. O importe total desta liña para cada equipo, será o sumatorio do importe fixo do criterio 1 e do importe acadado por puntos.

13.2.8. No suposto de que algunha das entidades non aceptara o patrocinio, recalcularanse os importes finais dos convenios mediante a nova aplicación do procedemento sinalado anteriormente ao resto dos equipos, sen prexuízo do previsto en relación co número mínimo de equipos a patrocinar con cargo á liña específica ABANCA.

### **13.3. Importe patrocinio total.**

Como se indicou anteriormente, unha entidade/equipo pode optar só ao patrocinio da primeira liña ou das dúas liñas, en función de se cumpre ou non cos requirimentos esixidos para a segunda liña.

No caso das entidades que cumpran cos requirimentos para o patrocinio de ámbalas dúas liñas, sumarán os importes correspondentes á valoración de cada unha delas, que será a cantidade que se reflectirá no convenio.

#### **14. Resolución do patrocinio.**

O director xerente da Fundación trasladará un informe coas cantidades correspondentes a cada entidade segundo os criterios establecidos no Plan ao Padroado da Fundación Deporte Galego para que este resolva.

O prazo máximo para notificar a resolución expresa non poderá exceder dos tres meses, a contar dende a entrada da solicitude no rexistro electrónico. O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, lexítima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude.

#### **15. Aceptación do patrocinio.**

Trala resolución dos patrocinios, as entidades patrocinadas, disporán dun prazo de 3 días naturais a contar desde o mesmo momento da publicación da resolución para aceptar o patrocinio. Se neses 3 días naturais non hai pronunciamento, enténdese ACEPTADO.

No caso de que sendo obxecto das diferentes dúas liñas de patrocinio, algunha entidade quixera renunciar á totalidade do patrocinio ou só á liña específica de ABANCA, deberá comunicalo igualmente neste prazo accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

O anterior, entenderase sen prexuízo do previsto en relación co número mínimo de equipos a patrocinar con cargo á liña específica ABANCA.

#### **16. Nova resolución se algunha entidade renunciara ao patrocinio.**

Se se dera o caso de que algunha Entidade non aceptara a totalidade do patrocinio ou a liña específica de ABANCA, efectuaríase unha segunda resolución incorporando de novo ao reparto o crédito dos patrocinios aos que renunciaron as entidades e redistribuíndoo de novo entre os equipos que si aceptaran.

O anterior, entenderase sen prexuízo do previsto en relación co número mínimo de equipos a patrocinar con cargo á liña específica ABANCA.

#### **17. Formalización do patrocinio.**

Os convenios asinaranse pola Fundación con cada unha das entidades. As entidades que contén con máis dun equipo patrocinado, deberán formalizar un convenio por cada un.

## **18. Fórmula de pago.**

O importe de cada convenio será abonado pola Fundación, dende a data da sinatura deste, en dous prazos:

O primeiro prazo, 80% do importe total, unha vez asinados o convenio e o plan, e presentada a seguinte documentación:

- Xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos desde a data de sinatura do convenio (Anexo II).
- Factura do primeiro prazo (80%). Presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia [https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura\\_web/](https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/), previa conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar "Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade ..... ao abeiro do Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2025/2026 – 2ª fase (80%)".

A data límite para presentar a documentación xustificativa (Anexo II) relativa ao primeiro prazo de xustificación e pagamento será o 15 de xullo do 2026. No caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

O segundo prazo, 20% restante, aboarase a partir do 31 de outubro de 2026, unha vez rematadas todas as actividades e competicións do exercicio en curso dentro do período de vixencia do convenio e unha vez presentada a seguinte documentación:

- Xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos desde a data de sinatura do convenio (Anexo III).
- Memoria de actividade (Anexo IV).
- Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (Anexo V).
- Para os equipos identificados dentro dos GRUPOS 3 e 4 de patrocinio:
  - Certificado federativo conforme o equipo obxecto de patrocinio participou en todas as xornadas/probas/campionatos que conforman a competición pola cal foron beneficiarios do plan.
- Para os equipos identificados dentro do GRUPO 5 de patrocinio:
  - Certificado federativo conforme o equipo obxecto de patrocinio participou fora da Comunidade Autónoma de Galicia en polo menos 3 das xornadas/probas/campionatos que conforman a competición pola cal foron beneficiarios do plan cando estas sexan ou poidan ser de desenvolvemento estatal.
- Factura do segundo prazo (20%). Presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia [https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura\\_web/](https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/) previa conformidade da

## PROCEDIMENTO PR960A

### Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2025/2026 – 2ª Fase

Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade ..... ao abeiro do Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2025/2026 – 2ª fase (20%)”.

A data límite para presentar os ANEXOS III, IV e V será o 15 de novembro do 2026. No caso de non telos presentados nesta data, perderán o dereito ao cobro da cantidade pendente (20%).

Os documentos relativos ás xustificacións gráficas de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos dos dous prazos (Anexo II, Anexo III), á memoria de actividade (Anexo IV) e á declaración doutras axudas (Anexo V), están dispoñibles na sede electrónica para o procedemento PR960A en cada unha das súas convocatorias. Para a súa presentación, utilizaranse os medios electrónicos accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e utilizando os modelos normalizados para facilitar a realización dos trámites, indicando o código PR960A e o órgano responsable do procedemento (FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO), o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

#### **19. Emenda da documentación xustificativa.**

No caso de que a documentación xustificativa, presentada nos prazos establecidos, non fose suficiente e/ou contivese erros, a Fundación fará un único requirimento, que se poñerá á disposición da persoa interesada a través do Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia, Notifica.gal., cun prazo máximo de 10 días naturais para a súa emenda.

Se pasado o prazo establecido a entidade non presentara a documentación requirida ou esta non se corrixira correctamente, perderá o dereito ao cobro das cantidades pendentes de xustificar.

#### **20. Penalizacións.**

As entidades con equipos patrocinados están obrigadas ao estrito cumprimento das obrigas adquiridas en virtude do convenio subscrito coa Fundación e do plan de patrocinio que lle serve de base, véndose tamén obrigadas a comunicar de forma inmediata á Fundación calquera circunstancia que afecte ao exacto cumprimento das prestacións ás que se obriga.

Se o incumprimento das obrigas vén motivado por non poder participar na competición pola que é beneficiario debido á non inscrición do equipo ou pola desaparición da entidade ou polo abandono da competición principal do seu equipo sénior e/ou de categoría previa á absoluta, a entidade perderá o dereito ao cobro das cantidades pendentes de abono e estará obrigada a devolver os fondos percibidos, procedéndose ademais á resolución automática do convenio.

Nos restantes supostos de incumprimento motivados pola imposibilidade da entidade de competir ou cumprir coas obrigas publicitarias contraídas coa subscrición do convenio, a Fundación poderá optar por outras alternativas publicitarias diferentes ás inicialmente acordadas ou pola redución proporcional do patrocinio, podéndose derivar nestes supostos á

obriga de devolver os fondos percibidos do importe pagado en exceso se, efectuado algún pago antes do incumprimento, o novo patrocinio resultante fora inferior ao inicialmente acordado.

## **21. Causas de resolución dos convenios de patrocinio.**

Serán causas de resolución as seguintes:

- Obtención do patrocinio falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- Incumprimento total ou parcial do proxecto que fundamenta a formalización do convenio.
- Non estar inscrito como equipo finalmente na competición pola cal accede ao patrocinio.
- Se o equipo senior e/ou de categoría previa á absoluta obxecto do patrocinio abandona a competición principal antes de calquera dos prazos de pago ou desaparece a entidade.
- Non ter participado de maneira xustificada, como equipo do grupo 3 ou 4, en todas as xornadas/probas/campionatos que conforman a competición de máximo nivel en categoría absoluta/senior e/ou previa á absoluta pola cal acceden ao plan de patrocinio.
- Non ter participado de maneira xustificada, como equipo do grupo 5, fora da Comunidade Autónoma de Galicia en polo menos tres das xornadas/probas/campionatos que conforman a competición de máximo nivel en categoría absoluta/senior e/ou previa á absoluta pola cal acceden ao plan de patrocinio cando estas sexan ou poidan ser de desenvolvemento estatal.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación que efectúe a Fundación en relación ao cumprimento do establecido no correspondente convenio e neste Plan.
- Resultar inviable a realización de todas as actuacións descritas neste Plan por causas non imputables ás Partes.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros das normas fixadas polas autoridades en materia de loita anti-dopaxe, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade e todos os seus membros (directivos, corpo técnico, deportistas, etc...) obríganse a cumprir coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita anti-dopaxe en orde á permanente localización e sometemento dos/as deportistas aos controis antidopaxe que ditas autoridades consideren oportuno establecer, tanto dentro como fóra de competición.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade fará todo o que estea nas súas mans para garantir que todos os seus directivos, socios, abonados, corpo técnico, deportistas, etc.... cumplan coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros da normativa en materia de protección integral contra a violencia de xénero, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio.

## **22. Actuacións de control por parte da Fundación.**

As entidades que formalicen o convenio ou convenios de patrocinio, deberán facilitar toda a información solicitada e someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.

## **23. Información para os patrocinadores.**

As entidades que accedan ás diferentes liñas de patrocinio autorizan á Fundación a facilitarlle ao patrocinador que corresponda a información relativa á denominación e domicilio da entidade, ao detalle dos soportes publicitarios nos que incluírá a imaxe do patrocinador segundo as prestacións publicitarias establecidas, así como ao importe correspondente á liña de patrocinio.